

## Informe da Directora

### Xunta de Escola, 26 de febreiro de 2020

#### 1 Actividades de representación

- 28 de xaneiro. Asistencia da directora ao Acto de Santo Tomás. Entrega do Premio Extraordinario Fin de Grao á alumna do centro Ana Larrañaga do Grao en Enxeñaría de Enerxía
- 12 de febreiro. Asistencia da directora en representación do centro á reunión de constitución da Conferencia de Directores/as de Escolas de Enxeñaría de Minas e Enerxía (CODEIME). Nesta reunión constituíuse formalmente a Conferencia como asociación e aprobouse un regulamento de réxime interno e futuras liñas de traballo conxuntas.

#### 2 Reunións de traballo

- 29 de xaneiro. Asistencia da directora á reunión convocada polo Reitor e coa presenza do Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para informar sobre a convocatoria de graos abertos e a convocatoria de excelencia para titulacións de máster da Xunta de Galicia.
- 30 de xaneiro. Reunión da Directora con Francisco Silva, Delegado de IBERDROLA en Galicia. Aproveitouse a presenza do Delegado para facer un percorrido polo centro.
- 14 febreiro. Reunión da Directora co Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e o Director de Área de Grao para informar sobre o proceso de implantación das titulacións dos graos que están en proceso de modificación.

#### 3 Mobilidade e internacionalización

##### — Mobilidade alumnado 2019/20

A relación de alumnado entrante é a seguinte, con indicación do programa de mobilidade:

Universidade orixe	País	Estudos	Programa	Período
Università degli Studi di Cagliari	Italy	Grao	Erasmus +	Anual
National Technical University of Athens	Greece	Grao	Erasmus +	Anual
Universidad La Salle Chihuahua	Mexico	Grao	Convenios bilaterais	2°C
Universidad La Salle Chihuahua	Mexico	Grao	Convenios bilaterais	2°C
Universidad La Salle Chihuahua	Mexico	Grao	Convenios bilaterais	2°C
Universidad La Salle Noroeste	Mexico	Grao	Convenios bilaterais	2°C
Universidad de Caldas	Colombia	Grao	Convenios bilaterais	2°C
Universidad Intercontinental	Mexico	Grao	Convenios bilaterais	2°C
Escola de Engharia Braga	Portugal	Mestrado	Erasmus+	Anual

No relativo á mobilidade saínte participaron un total de 14 estudantes: 11 Erasmus+, 1 GE4, 1 SICUE, 1 Acordo bilateral.

No relativo ao Programa de Mobilidade KA107 do centro hai unha vacante para alumnado.

## — Mobilidade PDI 2019/20

Do 27 xaneiro-31 xaneiro, recibimos no centro a Mehment Sahin de Iskerderun Technical University (Turquía). Estableceuse unha posible colaboración cos PDI María Araújo e Javier Martínez.

Os días 17 e 18 de febreiro recibimos no centro á investigadora Ofelia Anjos, do Instituto Politécnico de Castelo Branco (Portugal), que colabora co grupo de investigación CI5 (Explotación de Minas).

Na actualidade hai 2 investigadores ERASMUS colaborando cos grupos de investigación de “Explotación de Minas” e “Xeotecnoloxías Aplicadas”.

No relativo ao Programa de Mobilidade KA107 do centro hai unha solicitude admitida a trámite e unha vacante para profesorado.

A directora solicita ao PDI con vinculación co centro que lle informe se participa en programas de mobilidade saínte e se recibe PDI de mobilidade alleo.

## — Mobilidade 2020/21

No relativo a mobilidade saínte rematou o prazo de presentación de solicitudes de bolsas de mobilidade para o 2020/21. Aínda non está publicada a listaxe definitiva, pero no colectivo estudantes están admitidos a trámite en Erasmus+ 4 estudantes de mestrado e 10 do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

Agradécese a Iago Pozo a coordinación das actividades de mobilidade do centro.

## 4 Igualdade

### — Participación no Programa INSPIRA STEAM

Inspira STEAM é un proxecto que busca fomentar a vocación científico-tecnolóxica entre as rapazas, baseado en accións de sensibilización e orientación a través de 6 sesións con carácter de obradoiro impartidas por mulleres profesionais do mundo da investigación, a ciencia e a tecnoloxía a nenas de 5º e 6º de primaria. Para a edición do 2019/20 participan no programa Jessica Ingrid Piñeiro, Luisa Álvarez Zaragoza e Raquel Pérez Orozco, egresadas do centro, e Teresa Rivas, profesora do centro. A información do traballo desenvolto á data actual polas mentoras é o seguinte:

- Teresa Rivas impartiu 2 sesións como mentora do programa no CEIP Mallón (Nigrán)
- Raquel Pérez realizou 3 sesións no CEIP A Carrasqueira (Coruxo)
- Luisa Álvarez comezará a súa mentorización no CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao (Navia)

Agradécese as persoas que participan como mentoras no programa.

### — Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

O día 11 de febreiro, a Escola participou por primeira vez nas actividades organizadas pola Unidade de Cultura Científica e a Unidade de Igualdade para conmemorar o “*Día internacional da Muller e da Nena na Ciencia*”. Recibiuse a un grupo de 56 nenas procedentes do IES Alexandre Bóveda de Coia (Vigo) de 3º e 4º da ESO que participaron en tres obradoiros:

- Teresa Rivas e Elena Alonso: Obradoiro de identificación de minerais.
- Ana Larrañaga e Raquel Pérez: “*May the fire be with you*”. Mostra unha serie de experiencias prácticas moi visuais para aprender as nocións básicas da combustión.

- María Pazo e Marta Cabeza: “*A febre dos materiais*”. Presenta exemplos dos distintos materiais (cerámicos, metálicos, polímeros e materiais compostos), destaca as propiedades de cada un deles e diferentes curiosidades en canto ao seu uso.

Participaron como guías do alumnado Alma Vivas, Alexandre de Tellitu e Carmen Pereira.

Agradécese a todas as persoas que participaron no desenvolvemento da actividade e a Iago Pozo e Teresa Rivas a coordinación e organización da actividade.

## 5 Calidade

Infórmase de que se publicou na web do centro o “Informe QSP do 2018/19” e que o prazo para presentar o IRPD 2018/19 ampliouse ata o 30 de marzo.

Agradécese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

## 6 Programa de Mentorización

O venres 31 de xaneiro tivo lugar, na emE, a segunda reunión de supervisión do programa MEET-UVigo. Asistiron as persoas mentoras dos graos de Economía, Química, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Enxeñaría da Enerxía. A Área de Formación e Innovación Educativa contratou para esta ocasión ao formador Manuel Rego, que foi quen levou a cabo a supervisión.

Agradécese as persoas responsables do desenvolvemento do MEET a súa colaboración.

## 7 Actividades desenvolvidas no centro

### — Celebración da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía

O mércores 12 de febreiro, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía volveu a ser sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa undécima edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola “*Sociedad Geológica Española*” e a AEPECT (“*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*”). Nesta edición participaron 96 estudantes de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato, procedentes de 11 IES da provincia de Pontevedra. As tres persoas que obtiveron os mellores resultados clasificáronse para participar na fase española, que terá lugar o 28 de marzo en Cuenca.

O estudiantado procedente dos IES A Basella, A Paralaia, Beade, María Soliño, Primeiro de Marzo, República Oriental do Uruguai, Ribeira do Louro, Rodeira, San Paio, Teis e Terra de Turonio, foi recibido ao comezo da xornada pola directora da escola e pola delegada en Galicia da AEPECT, Alicia López.

En paralelo á realización das probas da Olimpíada, a Escola organizou catro actividades para os participantes sobre diferentes ámbitos nos que o coñecemento da Xeoloxía é un recurso necesario. A xornada rematou coa publicación de resultados e o acto de entrega de premios e diplomas de participación.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron no desenvolvemento do evento.

- Profesorado que impartiu os obradoiros:
  - Teresa Rivas: “*Arte, minerais e falsificación: A min non me enganas!*”
  - Iván Garrido e Roi Otero: “*Visión infravermella: unha nova forma de contemplar o mundo*”
  - Bienvenido Díez e Manuel García: “*Paleontoloxía 3D*”
  - Manuel A. Pérez: “*Xeotecnía*”.

- b) Persoas que fixeron de guías: Jesús Rico, Alma Vivas, Miguel Ansede e Iago Pozo.
- c) PAS: Carmen Romo, Jesús García, Antonio Vázquez, Arturo Martínez, Lorenzo Pérez e Alfonso Sánchez.
- d) Outras colaboracións: María Araújo (espazos) e Iago Pozo (coordinación obradoiros).

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/180-estudiantes-institutos-pontevedra-ourense-participan-undecima-edicion-olimpiada-xeoloxia>

Agradécese as persoas que participaron no desenvolvemento da actividade a súa colaboración.

## 8 Actividades de divulgación

### — Participación na Feria EDUGAL

A Escola participou na Feria EDUGAL celebrada os días 12, 13 e 14 de febreiro en Pontevedra; o *stand* do centro foi visitado por aproximadamente 300 estudantes.

Participaron atendendo o *stand* María Pazo, Manuel Costa, Enrique Alonso, Carmen Pereira, Alma Vivas, Belén Parente e Iago Pozo. A directora participou na impartición da charla de divulgación das titulacións do centro. María Araújo colaborou na montaxe do *stand* e Iago Pozo foi o responsable da coordinación e organización da actividade.

Agradécese as persoas que participaron no desenvolvemento da actividade a súa colaboración e a Iago Pozo a coordinación da actividade.

### — Participación no Programa STEMBach

O pasado 20 de febreiro recibimos no centro aos 6 estudantes do IES A Paralaia que participan no programa STEM Bach coa Escola. O proxecto está coordinado na Escola por David Patiño e na primeira sesión presencial na Escola participaron na titorización do alumnado David Patiño e Raquel Pérez, aos que se agradece o seu traballo de titorización.

Agradécese a participación no programa de David Patiño e Raquel Pérez.

### — Participación na Xornada de Portas Abertas

O pasado 21 de febreiro a directora participou, en representación da Escola, na Xornada de Portas Abertas do IES María Auxiliadora en Vigo.

### — Visitas á EME para recibir charlas informativas sobre titulacións de grao do centro, xestionadas a través do Servizo de Información ao Estudante (SIE)

Data	Centro visitante	Responsable na EME	Curso	Nº alumnado
08-xan-20	IES San José de la Guía.	Iago Pozo	1º Bach	2
20-xan-20	IES RODEIRA	Iago Pozo	1º Bach	40
17-feb-20	CPR Bouza Brey	Enrique Alonso	4º ESO	4
21-feb-20	Centro Plurilingüe María Auxiliadora Salesianos Vigo	Iago Pozo	2º Bach	19

## — Visitas á EME para participar na Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Centro visitante	Responsable na EME	Curso	Nº alumnado
23-xan-20	IES de Valga	Iago Pozo Roi Otero María Araújo Raquel Pérez	4 ° ESO e 1º Bach	40
06-feb-20	IES Castro Alobre	Iago Pozo Benito Vázquez Raúl Figueroa	2º Bach	46

## — Visitas da EME a centros

Data	Centro visitante	Responsable da EME	Curso	Nº alumnado
19-dec-19	IES de Poio	Benito Vázquez	1º e 2º Bach	43
10-xan-20	IES Pontepedriña	Benito Vázquez	1º Bach	50
27-xan-20	IES Castro Alobre	Benito Vázquez	4 ° ESO e 1º Bach	150
29-xan-20	IES Teis	Iago Pozo	4º ESO e 1º Bach	40
03-feb-20	CPR Quiñones de León	Carlos Pérez Collazo	2º e 3º ESO	52
06-feb-20	IES Pedro Floriani	Elena Alonso	1º Bach	50
07-feb-20	Colexio Possumus	Roi Otero	3º e 4º ESO	30
07-feb-20	IES de Ames	Benito Vázquez		
11-feb-20	IES CORUXO	Benito Vázquez	1º e 2º Bach	30
14-feb-20	IES Ribeira do louro	Benito Vázquez	1º e 2º Bach	21
19-feb-20	IES POLITÉCNICO DE VIGO	Benito Vázquez	4º ESO e 2º Bach	90

## — Obradoiro de minerais

Data	Centro visitante	Responsable da EME	Curso	Nº alumnado
18-dec-19	CPI Arquitecto Palacios de Panxón	Nigrán	1º ESO	30

Agradécese a todas as persoas que participaron nestas actividades a súa colaboración. Agradécese a Iago Pozo o labor de organización e coordinación destas actividades.

## 9 Información de procedementos administrativos e/ou académicos

### — Modificación das titulacións de Grao

As propostas de modificación das dúas titulacións de grao do centro están en fase de avaliación por parte da ACSUG. Para informar ao alumnado das consecuencias da implantación dos plans novos realizáronse dúas sesións informativas os días 5 e 17 de febreiro.

Ademais solicitouse a apertura dun prazo extraordinario de modificación de matrícula de materias do segundo cuadrimestre para o alumnado que se poida ver afectado pola implantación no 2020/21 dos novos plans. O prazo é de dous días, os días 26 de 27 de febreiro, e a modificación da matrícula realízase presencialmente na Secretaría Académica do centro.

### — Solicitudes ao Consello Social

Presentouse unha solicitude ao Consello Social da Universidade para financiar a realización da viaxe de estudos das titulacións de grao por un total de 3500 € e concedéronse 3100 €.

### — Defensa TFG. Convocatoria Febreiro

O pasado 17 de febreiro tivo lugar o acto de exposición pública dos TFG da convocatoria de febreiro. Defendeu o TFG unha alumna do Grao en EE.

## — Infraestruturas e AAEE

David Patiño, Subdirector de AAEE e Infraestruturas, reuniuse coa Administradora do centro para establecer de forma coordinada a distribución dos créditos do orzamento do 2020.

No relativo aos problemas do sistema de calefacción do centro, están a traballar conxuntamente David Patiño e a Administradora do centro en colaboración coa empresa responsable do mantemento do sistema de calefacción do centro.

A Universidade presentou unha solicitude ao INEGA de diferentes proxectos de eficiencia enerxética e no caso da Escola hai concedida financiación para a renovación do sistema de iluminación por sistema LED e instalación de paneis fotovoltaicos. Na actualidade o proxecto está na fase de deseño da licitación do proxecto.

## — Solicitude Mención Excelencia

A Escola solicitou participar na convocatoria de Mención á Excelencia de titulacións de Máster no SUG. Presentáronse 12 títulos na convocatoria interna da UVIGO para unha selección de 5 e a do Máster en Enxeñaría de Minas foi desestimada.

## — Solicitude CINTEX

A Escola presentou unha solicitude de financiación dun proxecto para realizar un museo virtual de minerais cos exemplares da colección da Escola. O proxecto presentouse á convocatoria do CINTEX 2020 Challenge coa colaboración de profesorado das áreas de Comunicación Audiovisual e Teoría do Sinal e Comunicacions da Universidade de Vigo. A proposta foi desestimada.

## — Eleccións alumnado Claustro

Habilitouse o procedemento de eleccións para cubrir vacantes no sector alumnado no Claustro. Toda a información relativa aos prazos e procedemento está publicada nos paneis informativos do centro.

## — Planificación da realización das EAD

O prazo de planificación individual para a realización das EAD para as materias do segundo cuatrimestre por parte do profesorado rematou o 21 de febreiro. Agora procederase a planificar as datas desde o centro ata o 30 de marzo.

## 10 Persoas egresadas

O 8 de xaneiro participaron no “Almorzo Mulleres Progresistas” co Conselleiro de Economía, Industria e Emprego as egresadas do centro Nuria Mouronte (Grao ERME), María Pazo (Grao EE) e Carmen Rodríguez (Grao EE). Trátase da segunda edición desta actividade.

Agradécese a participación das persoas egresadas nesta actividade, que contribúe a visibilizar a formación que se ofrece no centro, e agradécese a María Araújo a coordinación da actividade.

## 11 Actividades desenvolvidas pola Comunidade Universitaria do centro

### — Delegación de Alumnado

Delegación de Alumnado asistiu o pasado 18 de febreiro á reunión convocada en Madrid para constituír unha asociación de estudantes das Escolas de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Agradécese

a presenza nesta xornada de Santiago Blanco e Carlos Iglesias. Informouse da celebración da “I Olimpíada Ibérica” en Salamanca os días 26, 27 e 28 de marzo.

Delegación de alumnado está a organizar as charlas do segundo cuadrimestre, polo que solicita ao profesorado interesado en participar se poña en contacto coa Delegación de Alumnado. A charla pode versar sobre actividades de investigación, divulgación científica ou outros temas de interese que poidan xurdir.

## 12 Futuros eventos

Xornada Xeotermia, organizada por ACLUXEGA. 28 de febreiro na Escola.

Concurso “Curtometraxes Enerxéticos”. Remata o prazo o 20 de marzo.

EME PACUXA. Concurso de improvisación oral. Celébrase o 1 de abril no vestíbulo da Escola. O prazo para inscribirse remata o 20 de marzo.

Concursos para IES “Enerxiza.RME” e “Escava.RME”.

Concurso fotográfico MULLE.RME 2020. O prazo de presentación de fotografías para o concurso remata o 5 de marzo. A entrega de premios será o 11 de marzo. Previamente á entrega, impartirase a conferencia titulada: “*Estudo con perspectiva de xénero das enxeñarías da Universidade de Vigo: do espazo académico ao mundo laboral*”. Exporanse os resultados máis relevantes do proxecto “*Ingreso, rendemento académico, egreso das mulleres nos graos da enxeñaría da Universidade de Vigo*” desenvolto por profesorado desta Escola, da Escola de Enxeñaría Industrial e da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no eido da financiación Feminismos Cátedra 4.0. Universidade de Vigo-Deputación de Pontevedra.

Está prevista a participación no “*XI European Conference on Gender Equality in Higher Education*”, que terá lugar do 16 ao 18 de setembro, durante o cal, dúas investigadoras do antedito proxecto presentarán os resultados en dúas conferencias.

Con motivo da celebración do “*Día das Matemáticas*” o delegado da “*Real Sociedad Matemática Española*” na Universidade de Vigo púxose en contacto co centro para impartir na Escola unha sesión de conferencias sobre a aplicabilidade das Matemáticas en diferentes disciplinas, en particular no ámbito de traballo do noso centro. Solicítase a participación do profesorado.

Feira Internacional de Minerais de Santiago. 28 de febreiro.

Foro Tecnolóxico de Emprego: 4, 5 e 6 de marzo.

“*I Juegos Ibéricos de Minas*”. 26, 27 e 28 de marzo en Salamanca. Data límite de inscrición 2 de marzo.

Xornadas SIKÁ: 26 e 27 de marzo na Fundación Santa Bárbara (León).

Participación na Semana das Ciencias en Pontearreas. 24 de abril.

Viaxe de Estudos do alumnado dos Graos do 27 ao 30 de abril.

Viaxe de Estudos do alumnado do Máster do 7 ao 12 de xuño.

*Cartel de mines*. Do 27 ao 30 de abril. Alès.